

Área: Competicións

Circular nº 00 - Temp. 22/23

NOVIDADES COMPETICIÓN TEMPADA 22/23 (Asemblea Xeral Ordinaria 12 xuño 2022)

Infórmase a todos os estamentos de que dende a primeira xornada da tempada 22/23 entrarán en vigor os seguintes trocos acordados na Asemblea Xeral Ordinaria de 2022.

- **BASES COMPETICIÓN FASE DE CLASIFICACIÓN (COMPETICIÓN)**

En categorías infantil, cadete e xuvenil, a “Copa Galicia” de comezos de tempada, será substituída pola “Fase de Clasificación”, a cal terá coma obxectivo principal determinar os cabezas de serie de cara á disputa dos “Play Off”. Esta fase tan só poderá ser xogada por un equipo de cada club.

- **ARTIGO 9 (NOREBAGA)**
PARTICIPACIÓN, ASCENSOS / DESCENSOS

Non poderán participar na Fase Final ou Final 4 das categorías xuvenil, cadete e infantil de División de Honra ou Liga Ouro dous equipos do mesmo club.

Non poderá xogar a eliminatoria pola Final 4 o equipo que participa na 2ª División ou Liga Prata, se o seu club ten un equipo de Liga Ouro clasificado para xogar a Final 4, ocupando o seu lugar o equipo que lle siga na clasificación xeral.

So poderá xogar a eliminatoria pola Final 4 o equipo de Liga Prata se o seu equipo de Liga Ouro queda campión de Liga.

- **ARTIGO 12 B (NOREBAGA)**
B) EQUIPOS VINCULADOS

Os clubs de categoría xuvenil, cadete e infantil poderán establecer entre si convenios de vinculación, cunha duración máxima dunha tempada. Deberán presentar ao Comité de Competición un escrito solicitando a vinculación entre os dous clubs, onde deberá constar todos os datos relativos aos equipos e xogadores que se vinculan 20 días antes de comezar a competición nas categorías vinculadas.

A vinculación só poderá ser entre dous clubs e nunha categoría, por exemplo: xuvenil-cadete, cadete-infantil. Equipo vinculante (A), equipo vinculado (B).

O equipo vinculante (A) só poderá ter un equipo e o equipo vinculado (B) non poderá ter equipo na categoría vinculada durante toda a tempada.

Para poder facer o convenio de vinculación, o equipo vinculante (A) non poderá ter máis de 7 licenzas, na categoría na que se acorde a vinculación.

Un club só pode facer un convenio de vinculación cun club e categoría.

O club vinculante (A) e vinculado (B) só poderán engadir cada un, no cupo adicional a 3 xogadores/as, sempre os mesmos (nominativos) de categoría inferior.

O equipo vinculado (B), non poderá subir xogadores/as de categoría inferior á categoría na que se realice a vinculación, nin compartir licenzas entre equipos da mesma categoría.

O club que participe na competición cun equipo vinculado, non poderá xogar nin na eliminatoria pola Final 4 nin na Final 4

- **ARTIGO 13 (NOBAGA)**

NORMATIVA E CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN

d) No suposto de xogar distinto número de partidos aplicarase o CRITERIO FGBM.

CRITERIO FGBM:

O Criterio FGBm trata de dar solución á hora de determinar cal é o mellor clasificado entre un 3º clasificado nun grupo de 3 equipos e os 3º e 4º clasificados nun grupo de 4 equipos. Busca poder realizar unha comparativa real entre os equipos que participan en grupos cunha composición díspar en canto ao número de equipos.

O criterio consiste no seguinte:

- COMO DETERMINAR OS MELLORES TERCEIROS CLASIFICADOS SE HAI GRUPOS DE TRES E CATRO EQUIPOS: Eliminarase o resultado co 4º clasificado nos grupos de catro equipos. Esa eliminación do resultado nunca alterará o posto na clasificación de cada grupo, simplemente afectará aos goles a favor, goles en contra e diferenza de goles.
- COMO DETERMINAR OS MELLORES SEGUNDOS CLASIFICADOS SE HAI GRUPOS DE TRES E CATRO EQUIPOS: Eliminarase o resultado co 4º clasificado nos grupos de catro equipos. Esa eliminación do resultado nunca alterará o posto na clasificación de cada grupo, simplemente afectará aos goles a favor, goles en contra e diferenza de goles.
- COMO DETERMINAR OS MELLORES ÚLTIMOS CLASIFICADOS SE HAI GRUPOS DE TRES E CATRO EQUIPOS: Cando xa teñamos os mellores terceiros, eliminarase o resultado co 3º clasificado nos grupos de catro equipos. Esa eliminación do resultado nunca alterará o posto na clasificación de cada grupo, simplemente afectará aos goles a favor, goles en contra e diferenza de goles.

